

Sra. Conselleira

Nestas últimas datas asistimos a unha serie de declaracións recollidas na prensa nas que se anuncia a posta en marcha para o curso 2020/21 dun novo Grao en Deseño e Creación en Pontevedra. Esta mesma información foi exposta a semana pasada no Consello Social da UVigo. Esta proposta está a xerar controversia tanto no seo da propia universidade como, especialmente, na comunidade educativa das catro Escolas de Artes e Superiores de Deseño de Galiza, que abranguen entre elas unha ampla oferta no campo do deseño e a creación (deseño gráfico e deseño de interiores na EASD Antonio Faílde de Ourense, EASD Pablo Picasso de A Coruña e EASD Ramón Falcón de Lugo, e deseño de moda e deseño de produto na EASD Mestre Mateo de Santiago).

A **CIG-Ensino** vén defendendo desde hai anos, tanto a nivel galego como nas diferentes iniciativas que temos presentado nos debates de reforma das diferentes leis orgánicas de Educación a definitiva adscrición de todos os centros educativos dependentes da Xunta ás universidades públicas galegas. Compartimos esta demanda con toda a comunidade educativa dos diferentes centros, tanto das EASD como os CMUS Superiores, a Escola de Restauración de Bens Culturais ou a ESAD de Galiza. Esta reivindicación conta, ademais, co suficiente soporte legal para levala adiante.

A Lei Orgánica 8/2013 (LOMCE) recolle no apartado corenta e seis que as Administracións educativas poden adscribir centros destas ensinanzas mediante convenio ás Universidades. No artigo 58.4 da LOE establécese que *“as Comunidades Autónomas e as Universidades dos seus respectivos ámbitos territoriais poderán acordar fórmulas de colaboración para os estudos de ensinanzas artísticas superiores reguladas nesta lei”*.

Diante desta situación creouse no ano 2012 a Plataforma Galega pola Adscrición e a Integración das Ensinanzas Artísticas Superiores no Sistema Universitario Galego. Esta Plataforma, da que a CIG fai parte, vén reclamando das Administracións educativas unha solución inmediata e razoable a un problema que atinxe ao estatuto das ensinanzas e aos lexítimos dereitos do alumnado e profesorado dos centros que as imparten.

Resulta ilóxico que unhas ensinanzas conducentes a unha titulación equivalente a todos os efectos a un título universitario de grao se sigan impartindo en centros que se rexen pola mesma normativa que os institutos de educación secundaria, convertendo o seu alumnado en estudiantado de ensino medio, cuns dereitos que nada teñen que ver cos do alumnado universitario.

Ademais a titulación que obtén o alumnado está en vigor no estado español pero non en Europa, xa que a LOE e a LOMCE non son normativa europea e, polo tanto, non verá recoñecida a súa titulación de maneira automática senón que terá que seguir procesos de validación que non só

implican inversión de tempo, mais tamén de diñeiro. Circunstancias todas que atentan contra a igualdade de oportunidades: precariedade de infraestruturas e recursos, imposibilidade de desenvolver liñas de investigación nos centros, etc.

A adscrición e posterior integración na Universidade destas ensinanzas resulta cada vez máis necesaria para darlle solución a un problema que o que realmente require é vontade política e, por suposto, plena confianza nunhas ensinanzas que noutros países gozan de enorme prestixio e considéranse fundamentais no desenvolvemento do patrimonio e da cultura como un sector estratéxico tanto económica como socialmente.


A Consellaría que vostede dirixe alega, no que respecta ao mapa da oferta de titulacións universitarias, que non se poden producir duplicidades e que a oferta do SUG debe responder, por tanto, a unha oferta previamente negociada e da que é responsábel en última instancia a Xunta de Galiza. O feito de que agora se anuncie a creación dunha nova titulación que podería entrar en competencia directa cos estudos superiores que dependen directamente da Consellaría de Educación evidencia unha falta de rigor á hora da planificación da oferta universitaria que, desde o noso punto de vista, nace da negativa do goberno do que vostede fai parte a negociar a integración das escolas superiores nas universidades galegas.

É lóxico, por tanto, o malestar e a incerteza que se crea tanto entre o profesorado como o alumnado das catro EASD de Galiza e que a CIG-Ensino, como sindicato maioritario no ensino público galego, comparte.

Por todo isto, DEMANDAMOS que a Consellaría de Educación que vostede dirixe estableza canles de diálogo cos centros afectados coa fin de elaborar á maior brevidade unha norma que articule a posibilidade de adscrición ás universidades que, como xa se puxo de manifesto, está contemplada na lexislación vixente e todo o relacionado coa nova titulación anunciada pola UVigo forme parte dun deseño global da oferta de estudos artísticos superiores.

Reciba un cordial saúdo.

Santiago de Compostela, 1 de agosto de 2019



Xesús Bermello García
Secretario Nacional CIG-Ensino